As 7 Parroquias
A REVISTA DO CONCELLO DE CEDEIRA
Outubro de MMXX- Número 15

Axudas e un plan de acción a prol dos negocios locais

O Concello de Cedeira quere estar ao lado dos negocios locais para axudarlles a facer fronte ás dificultades que trouxo a crise sanitaria. A administración municipal resolveu -favorablemente para o 90% das solicitudes- unha convocatoria que se traduce en 76.750€ en axudas directas para 112 empresas e autónomos, e está a piques de publicar as bases do programa provincial PEL Reactiva, dotado con 137,000€. Tamén está en marcha o programa para a mellora da competitividade do comercio e a hostalería, co que o Concello vai axudar a estes sectores a aproveitar as oportunidades que agromaron coa crise sanitaria, como é o maior consumo de proximidade ou o auxe da venda en liña. A actuación comeza coa realización dunhas enquisas tanto a empresarios como a clientes. **Segue na páx. 7**

sumario

» Adxudicadas as obras de rehabilitación do Pazo de Moscoso, que rexurdirá ao servizo da cidadanía Páx. 2

» O pleno municipal pon fin á concesión do antigo escolar de Santalla Páx. 2

» En marcha unha nova campaña de consolidación no Castro Sarridal Páx. 3

» A estudo un tramo de 5Km do río Condomiñas para a definición do proxecto de recuperación ambiental Páx. 5

Agradecemento e alento

Estimados veciños: neste desconcertante 2020, no que un virus foi quen de paralizar o mundo, quero achegarvos unhas palabras de agradecemento e de alento. Foi moito o esforzo que fixestes para encarar a difícil situación que nos tocou vivir, sacando o mellor de vós para manter no posible as vosas actividades e cumprir as pautas de prevención. Quero recoñecer o traballo das persoas que estiveron ao pé do cañón día tras día durante o período do confinamento, nas tendas de alimentación, nas peixerías, no transporte... todos e todas as que fixeron funcionar os servizos esenciais. Teño tamén que expresar o meu agradecemento ao tecido asociativo da nosa vila, tanto nos eidos cultural e social como deportivo, porque nestas difíceis circunstancias loitaron para seguir adiante e recuperar o pulso canto antes.

Desde o goberno local temos moi presente o noso compromiso de estar a carón de vós e apoiarvos na superación das dificultades, precisamente agora que vén outra etapa difícil na loita contra a pandemia. Pídovos un novo esforzo e responsabilidade para afrontala.

Pablo Diego Moreda Gil

EDITA: Concello de Cedeira

O Pazo de Moscoso rexurde ao servizo da cidadanía

O goberno local adxudicou por 450.746€ á empresa Obras Gallaecia -entre as cinco ofertas presentadas- a restauración do Pazo de Moscoso, cunha baixa do 9% respecto ao orzamento inicial de 496.000€. A sinatura deste contrato pon en marcha un proxecto cuxa finalidade é ampliar o espazo dos servizos administrativos do Concello para poder, en definitiva, prestar unha mellor atención á cidadanía. O Pazo de Moscoso é unha construción do século XIX, levantada sobre outra anterior do XV, que se sitúa no casco histórico de Cedeira a escasos metros do consistorio. O inmoble vai saír do seu actual estado de abandono coa intervención, na que se van restaurar as fachadas e o interior - incluíndo o baixo, dúas alturas e faiado- garantindo unha axeitada accesibilidade. O inmoble, que conta cunha superficie construída de máis de 550 metros cadrados, vai acoller os Servizos Sociais que agora están no Auditorio Municipal, o que liberará alí espazos para o uso das asociacións locais. Tamén está previsto que a Policía Local e as oficinas de Intervención do Concello pasen a ocupar diferentes espazos e despachos no pazo, cuxo faiado aproveitarase para almacenamento e equipamentos.

Ademais, a actuación, que ten un prazo de execución dun ano, incluirá a adecuación da finca anexa e a creación alí dun novo espazo verde de uso público. "É un proxecto que contribuirá a devolver o aspecto elegante e señorial ao noso casco vello", destaca o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

O antigo escolar de Santalla acollerá un albergue e unha vivenda social

O goberno de Cedeira contou co apoio unánime do pleno da corporación para rematar, este verán, coa cesión da antiga escola de Santalla á Organización Juvenil Española (OJE). O Concello recupera así para usos sociais un edificio de titularidade municipal que no ano 2013 deixouse nas mans da citada entidade a través dun acordo por dez anos e a custo cero.

O inmoble pasará a acoller un albergue na pranta baixa e unha vivenda social na superior. O antigo escolar de Santalla, situado ao pé da estrada provincial DP-2204 ao seu paso pola parroquia de Cervo, consta dunha construción primixenia de pranta rectancular, á que posteriormente foi engadido un amplio soportal.

O alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil, destaca que coa volta do inmoble ao uso público "ponse punto final ao erro histórico que foi no seu momento a súa concesión". A Organización Xuvenil Española (OJE) utilizou as instalacións para a realización de diferentes campamentos e encontros, aínda que agora levaba tres anos sen facer uso do chamado albergue "Os Pinos".

O Concello impulsa a terceira campaña no Castro Sarridal

Os traballos para sacar á luz o pasado castrexo de Cedeira continúan na Punta Sarridal. Neste 2020 impulsáronse tres campañas, dúas por parte do Concello e outra financiada pola Xunta, que supoñen outro importante impulso no programa de recuperación deste relevante conxunto arqueolóxico. Así, desenvolvéronse unha nova campaña de escavación, a sexta, e unha primeira fase de consolidación dos restos aflorados, ás que se suman a segunda fase de consolidación, que agora está en execución e coa que se garante a conservación dos achados na súa ubicación orixinal, de xeito que poidan ser mellor comprendidos.

Tal como explica o director da escavación, Emilio Ramil, na primeira fase de consolidación actuouse na muralla, mentres que nesta fase impulsada de novo polo Concello de Cedeira se está a actuar sobre o torreón exterior, a zona de alimentación do forno e o inicio do arco da entrada. Os traballos consisten en colocar os achados na súa posición orixinal, enchendo os valeiros, alí onde non se conservaron os restos, con outros materiais diferenciados que permiten ao visitante diferenciar entre uns e outros. Así, nos paramentos os arqueólogos van colocando "fiadas", de pedras, segundo dixo Ramil, ata unha altura que facilita a comprensión de como era o conxunto.

Esta nova fase dos traballos vai deixar tamén no Sarridal un valado de madera arredor do conxunto e un panel explicativo, que se situará diante da sauna, cun código QR para que as persoas que visiten o xacemento poidan interpretalo axeitadamente.

Centro de interpretación

Co devezo de seguir avanzando na recuperación e conservación do patrimonio histórico de Cedeira, o Concello está a piques de inaugurar o novo Centro de Interpretación do Castro Sarridal no Castelo da Concepción, unha actuación financiada con cargo a un convenio de colaboración establecido coa Deputación - a institución provincial financia o 80% dos máis de 39.600€ investidos-. A través de vitrinas nas que estarán expostos diferentes obxectos atopados no xacemento, e de paneis explicativos, o público poderá comprender mellor a importancia do pasado castrexo da vila cedeiresa.

Investigación dun navío afundido no ano 1709

A comisión do Museo Mares de Cedeira -Concello, Confraría e Asociación- vai prestar apoio ao proxecto de arqueoloxía submarina do grupo de investigación Áncora, que prevé localizar os restos do buque "San Juan Bautista", afundido á entrada da ría de Cedeira no ano 1709. Era un buque "de aviso", así chamado porque polo seu pequeno porte e rapidez era utilizado para levar e traer correo entre as Indias e España. Era atípico que navegaran por estas costas, pero sábese que así foi porque a Coroa abriulle expediente ao capitán, pola perda do seu correo nestas augas, e no mesmo consta que os veciños e veciñas da vila de Cedeira saíron a socorrer á tripulación, da que se salvaron todos os homes menos un. As inmersións levaranse a cabo, se o tempo o permite, na primaveira.

"Cantos e contos ao solpor" para despedir o verán

O programa "Cantos e contos ao solpor" veu un setembro máis para poñer fin ao verán con espectáculos a pé de rúa que desta volta viaxaron tamén polas parroquias. "Costureiras", con Álgeles Goás e Coxoto; "Historias de arrepío" con Paula Carballeira; "Profundizando na Galiza profunda", con Pedro Brandariz, e "Divas de diván", a cargo de Ángeles Goás, Vero Rilo e Carmen Conde, foron as propostas que se desenvolveron na Praza da Reitoral, Cervo, San Román e Esteiro.

As obras da AC-566 fan realidade a xusta reivindicación de Cedeira

No próximo mes de novembro comezarán por fin as obras de mellora do trazado da estrada AC-566, que conecta Valdoviño co municipio de Cedeira. A Xunta de Galicia fai realidade unha demanda que durante máis dunha década lideraron os sucesivos gobernos locais da vila co apoio da propia cidadanía e tamén do Concello de Valdoviño, polo que tamén pasa a vía de titularidade autonómica. Os traballos que se van realizar agora mellorarán de maneira moi significativa as condicións de seguridade vial nun treito de catro quilómetros cuxa perigosidade ratificaron ao longo dos anos, lamentablemente, numerosos sinistros e perdas humanas.

O goberno local que preside Pablo Diego Moreda celebra a realización destas obras tan demandadas e sinala o proxecto como un dos éxitos do presente mandato. "É tempo de recoñecer todos os esforzos e xestións, mesmo as mobilizacións nas que participou a veciñanza, realizadas ao longo dos anos para chegar ata aquí", destacou o alcalde.

A Consellería de Infraestruturas adxudicou en setembro as obras á empresa Construcións López Cao, por un importe de 3,6 millóns de euros, e os traballos teñen que comezar de inmediato. Cando rematen -o prazo é de 18 meses- Cedeira contará cun acceso moito mellor que o actual, unha estrada máis segura que contribuirá a dinamizar a economía local. As obras afectarán ao tramo do vial que vai desde Valdoviño ata A Ramalleira, dotando case á metade do tramo dun terceiro carril para vehículos lentos, que facilitará os adiantamentos, e rectificando as curvas máis perigosas. Vaise reforzar o firme e adecuar as intersecciónns sen afectar aos espazos da Rede Natura nen ás construcións que existen nas marxes do vial.

Cómpre recordar que a AC-566 é un vial cunha alta densidade de circulación, pola que pasan unha media de 5.000 vehículos ao día. A actuación pola que tanto ten esperado a vila vai acortar case un 30% o tempo do traxecto ademais de facelo máis seguro, condicións que repercutirán na dinamización da economía local, no incremento do turismo e, en xeral, nunha mellor calidade de vida para a cidadanía de Cedeira.

Para adaptarse ás circunstancias, o CEIP Nicolás del Río adecuou este curso os seus patios interiores. O Concello e Muebles García colaboraron co centro neste proxecto, que facilita as actividades no exterior.

Unha balea, marraxos, garzas e cormoráns habitan o mariñeiro mural do artista cedeirés Adrián Taracido no muro da escola infantil A Galiña Azul, un novo impulso do Concello ao arte urbano.

Pasos cara á recuperación ambiental do Condomiñas

O Concello de Cedeira está a realizar un estudo da situación dun tramo de cinco quilómetros do río Condomiñas, o comprendido desde a Ponte da Acea ata máis aló do Muíño de Chimparra, que dará paso ao proxecto de recuperación ambiental desta parte do curso fluvial. Para o goberno local, o patrimonio natural é unha prioridade e esta actuación representa subir un chanzo máis cara ao obxectivo de habilitar un camiño pola beira do río ata chegar a San Andrés de Teixido.

O estudo abrangue o aspecto hidráulico, hidrolóxico, xeolóxico e ambiental do Condomiñas, así como os elementos de patrimonio histórico, cultural ou etnográfico que existen ao longo do treito a analizar, co obxectivo de aportar unha visión integradora do curso fluvial. Unha vez listo, o proxecto de rexeneración dividirase en tres treitos para abordar a actuación en sucesivas fases.

Desde o goberno local destacouse a colaboración que a Asociación de Amigos dos Ríos de Cedeira (ARCE) e o Club Candieira prestan habitualmente nesta e outras actuacións de carácter ambiental, así como a axuda que brindou o biólogo cedeirés Antón Pérez Cribeiro para definir o alcance deste proxecto.

"A ría comeza aquí", unha frase para sensibilizar á veciñanza

A ría comeza aquí. Axuda a mantela limpa" é a frase que o Concello de Cedeira ten situado durante este verán ao pé dos sumidoiros das rúas peonís e con máis afluencia da localidade, como unha chamada permanente á sensibilización da veciñanza e dos visitantes. Tal como explica o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, a rede de recollida de augas pluviais da vila remata na ría, sen ningún filtro, de maneira que todo o que se tira por ela vai directamente a contaminar o mar. A auga de fregar, que leva deterxentes,

ou as cabichas, por exemplo, son algúns dos verquidos que a ría cedeiresa pode evitarse contando coa colaboración de todos e todas.

Renovación do alumamento con máis de 2.000 leds

O Concello de Cedeira está a impulsar a renovación do sistema de alumamento público da vila coa substitución das antigas lámpadas de sodio polas de tecnoloxía LED, que representan menor contaminación -precisan menos da metade de enerxía para dar a mesma luz- e un aforro para as arcas municipais. Están contratados ou en proceso de adxudicación cinco proxectos que suman o cambio de 2.179 puntos de luz. A meirande parte deles -máis de 2.000- son para a zona rural.

Preto de 350.000€ en melloras do saneamento

A mellora de saneamento é un capítulo ao que o Concello de Cedeira ten destinado no que vai de ano preto de 350.000€ de investimento. Están a desenvolverse as obras de modificación do saneamento na zona das Pontigas, e en breve resolveranse as licitacións coas que se vai dotar de saneamento ao barrio de Vilacacín e mellorar o sistema nas rúas Estrada, Valdoviño, San Sadurniño e Travesía da Praia, no casco urbano.

"Cedeira Informa", un servizo municipal

Cedeira Informa é un servizo, vía WhatsApp, para manter informada a cidadanía das novidades da axenda municipal. Para recibir mensaxes hai que gardar na lista de contactos o número 604.024.266 co nome "Cedeira Informa" e enviar a mensaxe "alta información Concello de Cedeira". A continuación, ao teléfono do solicitante chegará unha confirmación de alta no servizo e comezará a recibir as novas.

Uns orzamentos con reforzo do capítulo social no ano da Covid

O goberno de Cedeira aprobou este ano uns orzamentos que incrementan en preto dun 12% os do pasado ano 2019. Un presuposto de 6,3 millóns de euros no que, tal como explica o alcalde, Pablo Diego Moreda, "reforzamos o compromiso social, tanto coas familias con menos recursos como coas empresas dos sectores máis prexudicados pola pandemia". Así, a partida para o programa de axuda no fogar incrementouse en 80.000€ para novas constratacións de persoal e os plans de emerxencia social fixéronno noutros 50.000€, ao tempo que se puxeron en marcha un programa para mellorar a competitividade do comercio e a hostalería e unha convocatoria de axudas directas ás empresas e autónomos dotada con 150.000€.

No capítulo de investimentos, o goberno municipal segue adiante con actuacións de mellora de instalacións prioritarias como o saneamento ou o alumado público, dous capítulos aos que se reservaron en torno a 368.000€ e 143.000€ respectivamente. Acomete tamén este ano o Concello a rehabilitación do Pazo de Moscoso, unha actuación á que se destinan máis de 450.000€. As contas de 2020 reflicten un ano máis o compromiso do Concello de Cedeira co tecido asociativo da vila, tanto no eido cultural como deportivo e ambiental.

En canto aos ingresos, consignouse unha baixada de 106.000 euros na recadación dos impostos directos pola parálise da actividade económica pero, polo contrario, aumentan en 124.876,38 euros as transferencias correntes. Entre outras, contémplanse as achegas da Deputación da Coruña para gastos sociais extraordinarios derivados da pandemia da Covid-19 e tamén para investimentos -esta última partida aumentou un 75% respecto ao exercicio anterior-.

Experiencia piloto de participación cidadá

O goberno local vai escoitar á mocidade de Cedeira na elaboración dunha parte dos próximos orzamentos. Está en marcha xa un proxecto piloto, a través do cal o alumnado do IES Punta Candieira protagoniza a presentación de propostas, o seu debate e votación, na primeira experiencia de participación cidadá do municipio.

O Plan de Igualdade estará operativo este ano

O goberno municipal impulsa o primeiro Plan de Igualdade de Cedeira que estará operativo este mesmo ano e que virá a garantir que "a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes sexa real no municipio", segundo apuntou a concelleira de Turismo, Participación Cidadá e Xuventude, Carmen Prieto Cal. A elaboración do plan require dun proceso participativo, así como da creación de mesas de traballo e dunha comisión específica. O documento, que se presentará oficialmente, recollerá tanto a diagnose das necesidades como as propostas de acción "para saber de onde partimos e darlles solucións ás cuestións que nos podamos atopar", sinalou a edila.

Guindastres ortopédicos e desfibriladores

O Concello comprou recentemente 12 guindastres ortopédicos para su uso en domicilios nos que viven persoas con problemas de mobilidade e escasos recursos, que servirán para axudar ás propias familias e ao persoal de coidado a domicilio. Por outra banda, Cedeira suma xa un total de sete zonas cardioprotexidas tras a compra de catro desfibriladores máis.

O Concello presta apoio aos negocios locais para encarar os efectos da Covid

Reaccionando ás dificultades que a situación sanitaria está a supor para moitos negocios locais, o Concello puxo en marcha nos últimos meses dous programas de apoio: un de axudas directas a empresas e autónomos, e outro para mellorar a competitividade do comercio e a hostalería de Cedeira. Este último arrancou neste mes de outubro coa realización dunha serie de enquisas e a través do primeiro acaban de adxudicarse 76.750€ en subvencións para 112 negocios.

A convocatoria de axudas contaba de partida cun orzamento de 150.000€ e recibiu 124 solicitudes, das que o 90% obtivo unha resposta positiva. En total o Concello resolveu o reparto de 112 subvencións, a maior parte delas de 650 ou 850€ e algunhas de 1.000€, contía que estaba reservada a empresas de máis de cinco traballadores. A finalidade deste programa municipal é estar ao lado dos negocios de Cedeira nun momento difícil, e facilitarlles uns recursos que poden contribuír ao mantemento da actividade e dos empregos. O concelleiro de Facenda, Servizos Económicos, Ocio e Tempo Libre, Manuel Martínez López,

comentou que a iniciativa atopou moi boa acollida e explicou que a maior parte das solicitudes viron do sector da hostalería.

O Concello quere, por outra banda, axudar ao comercio e a hostalería de Cedeira a aproveitar as oportunidades que puxo de manifesto a situación, como é o maior consumo de proximidade e o incremento da venda en liña. Así, está en marcha un estudo para facer a diagnose e deseñar un plan de actuación que permita mellorar a competividade destes sectores.

Cómpre sinalar tamén que o Concello de Cedeira adheriuse ao Plan PEL-Reactiva da Deputación Provincial, co que repartirá axudas para a adecuación dos negocios ás condicións impostas polo coronarivus. Este novo programa, do que pronto se publicarán as bases, está dotado con 137.000€.

Axudas por valor de 130.800€ para o tecido asociativo local

O Concello anova o seu apoio ao tecido asociativo. Recentemente resolveuse a convocatoria de axudas para entidades sociais e culturais, co reparto de 69.300€ entre a A Crina, ABAC, Apader, Cruz Vermella, Asociación Mares, Sobre Rodas, Asociación Escola de Música, Protección Civil e a ANPA Picapeixe, aos que se suman os 37.000€ á Asociación Escola de Música para o funcionamento do centro. Tamén adxudicáronse outros 24.510€ entre as entidades deportivas Cedeira S.D., Club Natación, Club de Remo, Cedeira Tenis Club e Discalzas. O goberno local agradece a todas elas o seu traballo, especialmente neste difícil ano.

Cedeira mantivo o seu tirón turístico este verán

A pandemia da Covid-19 condicionou a presenza de estranxeiros, pero Cedeira mantivo neste verán atípico o interese para o turismo galego e doutras comunidades segundo os balances de visitas do castelo da Concepción, a oficina de Turismo e o santuario de Santo André. Así, o fortín recibiu 2.100 visitantes entre a segunda semana de xullo e finais de agosto, mentres que á Oficina de Turismo atendeu a unhas 3.300 persoas. Polo santuario de Santo Andrés pasaron 460 turistas, dos que cabe destacar que un 30% procedían da Comunidade de Madrid.

A concelleira de Turismo, Carmela Prieto Cal, volorou unha campaña que calificou de "atípica" e destacou o interese dos visitantes por Santo André e polo xacemento do Castro Sarridal. Prieto considerou que, en xeral, as persoas que visitan Cedeira valoran os servizos turísticos que o Concello lles ofrece e, neste sentido, destacou a ocupación ao 100% das Xeorrutas e a boa acollida que están a ter os roteiros que, por segundo ano consecutivo, ofrecen ao visitante a posibilidade de coñecer os lugares máis emblemáticos do municipio.

Club Candieira, o nexo das prácticas deportivas de montaña

"Todos cabemos no monte" é o mantra dos socios e as socias do Club Candieira, unha nova entidade deportiva que xurde en Cedeira coa intención de abranguer todas as disciplinas relacionadas coa montaña. Sendeirismo, bicicleta de montaña, bicicleta de montaña eléctrica, motos de campo, motos todoterreo e trail running (carreiras por sendeiros) son algunhas delas. O club botou andar hai poucos meses.

A amizade e mesmo os lazos familiares entre afeccionados a estes deportes deron lugar á constitución da asociación, que botou a andar con medio cento de socios e que ten entre as súas premisas a promoción das actividades deportivas de montaña e o compromiso de facilitar a súa realización.

Así o pon de manifesto o seu presidente, Emilio López Barge, que conta coa axuda do vicepresidente, José Manuel Breijo; do secretario, Luis Antonio Garcia Riola; do tesoreiro, Benito García Pita, e dos vocais Raúl Bustabad Freire e Daniel Rey Piñón para liderar unha entidade que se define como punto de encontro entre amantes da montaña que practican diferentes disciplinas e que poden cooperar para gozar do aire libre de xeito respectuoso co medio ambiente.

A ruta dos Peiraos, que descurre entre o castelo e Santo André de Teixido, e a denominada da Robaleira son itinerarios xa acondicionados e que, en breve, disporán da sinalización necesaria para percorrelos a pé, en moto ou bicicleta en diferentes tramos. Entre os obxectivos a máis longo prazo están recuperar a marcha a Santo André de Teixido que viña organizando o Club Montaña Ferrol, convocar trail running en varias distancias, carreiras de montaña de enduro e rutas de mountain bike, así como promover xornadas técnicas.

A entidade agrupa distintas disciplinas e busca novos socios

No ADN deste club multidisciplinar e con sede no campo de fútbol tamén está crear unha rede de camiños e sendeiros para seren compartidos por todas aquelas persoas que o desexen. "Todos cabemos no monte con responsabilidade e respecto polo medio ambiente", subliña o presidente do Club Candieira, Emilio López Barge. Este compromiso materialízase coa compra de desbrozadoras, motoserras de sopladores que facilitarán as tarefas de limpeza que ata agora se estaban a facer coa maquinaria dos propios voluntarios. A adquisición das ferramentas financiarase coa cota social, de 25 euros/ano.

O Club Candieira está a levar a cabo unha campaña de captación de socios, que manterá aberta todo o ano, para aumentar a súa masa social e promover o asociacionismo entre as persoas que comparten a afección pola montaña e polo deporte.

O goberno municipal de Cedeira valora e aplaude a creación desta nova entidade porque está a promocionar disciplinas deportivas que son de especial interese para a xente máis nova e porque contribuirá, sen dúbida, a manter limpos e accesibles os sendeiros e camiños que agora son pouco transitados.

IMPRIME: CONCELLO DE CEDEIRA

Concello de Cedeira

Enderezo:
Rúa Real, 15. Cedeira
Telf.: 981 480 000 - Fax: 981 482 506

Email e web:
correo@cedeira.es
www.cedeira.gal

Maquetación e contidos:
Pingota Comunicación
www.pingota.com

Cabo Ortegal PROXECTO DE XEOPARQUE